

IV. OPOSICIONS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 13 de maio de 2024 pola que se modifica a Orde do 21 de xuño de 2023 pola que se fai pública a relación de persoal que superou os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (Diario Oficial de Galicia número 206, do 28 de outubro; corrección de erros, Diario Oficial de Galicia número 216, do 14 de novembro).

Mediante a Orde do 19 de outubro de 2022 convocáronse os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B).

Pola súa vez, o 30 de xuño de 2023 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 21 de xuño de 2023 pola que se fai pública a relación de persoal que superou os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B).

En virtude da estimación de recursos de alzada en relación co procedemento selectivo convocado pola Orde do 19 de outubro de 2022, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional



RESOLVE:

Primeiro. Modificar a Orde do 21 de xuño de 2023 pola que se fai pública a relación de persoal que superou os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (*Diario Oficial de Galicia* número 124, do 30 de xuño), incluíndo nesa relación co número de orde, especialidade e baremo definitivo que se especifica as seguintes persoas:

a) Corpo de mestres.

Nº	DNI	Apelidos e nome	Quenda	Baremo
Especialidade 597031-Educación Infantil				
53	***7733**	Pintos Campos, María de los Ángeles	L	11

b) Corpo de profesores de música e artes escénicas.

Nº	DNI	Apelidos e nome	Quenda	Baremo
Especialidade 594460-Linguaxe Musical				
6	***3308**	Beiro Crespo, María de los Ángeles	L	10,5

Segundo. O disposto no punto anterior supón modificar o número de orde da lista de persoas aprobadas nesas especialidades que acadaron unha puntuación no proceso selectivo con respecto á obtida polos recorrentes, en cada especialidade, inferior ou igual, de acordo cos criterios de desempate establecidos na citada convocatoria.

Terceiro. A persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará todas as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Cuarto. Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán recorrer potestativamente en reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou formular di-



rectamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2024

Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

CVE-DOG: yeoamrs3-1un2-8zw8-hkq0-dzouj3j1lpx2

